



Área / Unidade TRANSPORTES MU1100B SVC	Documento 5121AS005K	
Código de verificación 	Expediente 512/2026/30	
1X4S 6S6K 4D34 081V 09AF	Fecha 22-01-2026	

CONSULTA PÚBLICA PREVIA

PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO ARRENDAMENTO DE VEHÍCULOS CON PERSONA CONDUTORA (VTC) NO TERMO MUNICIPAL DA CORUÑA

Consonte co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e co obxecto de incrementar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza municipal reguladora do servizo de transporte urbano de persoas en vehículos de turismo con persoa condutora (VTC) no termo municipal da Coruña, realizarase unha consulta pública a través do portal web municipal do concello e web municipal de Mobilidade, na que se recollerá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

En cumprimento do anterior e de acordo co disposto na resolución de data 15 de xaneiro de 2026 da Concelleira de Infraestruturas e Mobilidade, por delegación da Xunta de Goberno Local, e seguindo as instrucións dos procesos participativos municipais, formúlase a consulta pública que se contén a continuación.

A cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren, poderán facer chegar as súas opinións e suxestións sobre os aspectos incluídos na consulta, ata o vindeiro día 30 de marzo de novembro de 2020 mediante o formulario web accesible neste enlace:

Non será necesario que os remitentes estean identificados. Con carácter xeral, as achegas consideraranse confidenciais e de libre difusión. As partes que se consideren confidenciais deberán ser especificamente sinaladas e delimitadas nos comentarios, motivando as razóns para a dita cualificación.

Moitas grazas pola súa colaboración na procura dunha mobilidade sostible, saudable e inclusiva.

Concellaría de Infraestruturas e Mobilidade
Servizo de Mobilidade Urbana



PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO ARRENDAMENTO DE VEHÍCULOS CON PERSOA CONDUTORA (VTC) NO TERMO MUNICIPAL DA CORUÑA

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS E XUSTIFICACIÓN

Evolución do Marco Normativo e Autonomía Municipal: A regulación do transporte de viaxeiros en vehículos de turismo sufriu unha profunda transformación nos últimos anos. A aprobación do Real Decreto-lei 13/2018, do 28 de setembro, supuxo un intento de solucionar os problemas de mobilidade, conxestión de tráfico e medioambientais ocasionados polo elevado incremento da oferta de transporte urbano en vehículos de turismo e de aproximar as regulacións sobre arrendamento de vehículos con persoa condutora e taxi. Esta norma circunscribía o problema ao ámbito urbano, sen exceder do territorio da comunidade autónoma correspondente. En Galicia, a promulgación da Lei 10/2023, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, que modificaba a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte de viaxeiros en vehículos de turismo de Galicia daba unha resposta á norma estatal claramente diverxente en relación con outras regulacións autonómicas. Son en Galicia os Concellos os competentes para outorgar autorizacións habilitantes para a prestación de servizos urbanos de arrendamento de vehículos con condutor a quen dispoña previamente da correspondente autorización interurbana domiciliada en Galicia. Impón ademais a dita norma o deber de que as autorizacións que se outorguen estean limitadas por diversos criterios (*motivos de tipo medioambiental ou vinculadas coa seguridade viaria, proporcionais para a garantía da sustentabilidade, a calidade e a seguridade dos servizos de interese público involucrados e a consecución ou mantemento dos índices medioambientais que se establezan*). A este respecto, o Concello da Coruña solicitou información á Dirección Xeral de Mobilidade: cantas autorizacións foron concedidas e en que criterios se baseou esta concesión, e a resposta foi que se concederon foron 758 autorizacións interurbanas VTC domiciliadas en Galicia e os criterios son os establecidos na normativa vixente, polo que non hai constancia de establecemento de limitacións nas autorizacións.

O artigo 73.2 da Ordenanza municipal de mobilidade sostible do Concello da Coruña establece que *o outorgamento de autorizacións habilitantes para a prestación de servizos urbanos, así como o establecemento das limitacións para o outorgamento das mesmas, requirirá dunha ordenanza específica de VTC*. A falta dunha regulación autonómica na materia para atender as peticións dos concellos, os problemas de convivencia entre os distintos modos de transporte e a realidade dun servizo que se está a facer sen regulación obrigan a iniciar a tramitación dunha normativa exclusiva para o Concello da Coruña mais que pode marcar o camiño para outras cidades de Galicia co mesmo problema.

Ao mesmo tempo, deberán realizarse os estudos correspondentes para determinar, en primeiro lugar, se é positivo e necesario o outorgamento de autorizacións urbanas de VTC e, en segundo lugar, determinar as limitacións medioambientais ou vinculadas coa seguridade viaria.

Cómpre iniciar un procedemento conducente a definir se é preciso a elaboración dunha norma específica que asegure que todos os servizos de transporte público de persoas en vehículos de turismo que se realicen sexan os necesarios e realmente autorizados.

NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN

A necesidade e oportunidade ven derivada da renuncia autonómica a unha regulación harmonizada das autorizacións urbanas de aluguer de vehículos con persoa condutora. A iniciativa normativa propónse de forma paralela ao desenvolvemento dun proceso de elaboración de determinados estudos técnicos e xurídicos, en relación coas limitacións



establecidas no artigo 46 da Lei 4/2013, orientados a analizar as circunstancias e condicionantes que, de ser o caso, poidan xustificar a adopción de limitacións á actividade dos VTC ou a non necesidade de outorgamento de autorizacións. A ordenanza municipal concíbese así como o instrumento normativo que, dentro do marco competencial municipal, con respecto pleno á normativa estatal e autonómica reflectirá e concretará o resultado deste proceso de análise previa, perfilado tamén co resultado da consulta pública previa.

OS OBXECTIVOS DA NORMA

O principal obxectivo da norma é poñer á disposición da cidadanía servizos de transporte en vehículos de turismo que sexan de calidade, suficientes, accesibles e universais, seguros e respectuosos co medio ambiente. Para acadar estes fins, resulta necesaria unha nova regulación que ordene a convivencia entre o servizo de taxi e o de arrendamento de vehículos con persoa condutora (VTC), de acordo coas limitacións previstas na normativa autonómica en materia de transportes, co obxecto de evitar o desprazamento ou a degradación do taxi, que ostenta legalmente a consideración de servizo de interese público.

Para que iso se produza, o resultado dese proceso técnico-xurídico paralelo de definición da realidade do transporte na cidade, perfilado tamén, tal e como se indica no apartado anterior, coas achegas resultantes do trámite de consulta previa que se inicia, debe quedar plasmado normativamente.

OS PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA

O problema que se pretende solucionar é a relación entre o taxi e o servizo de aluguer de vehículos con persoa condutora (VTC), partindo das limitacións que establece a normativa de autonómica sobre transportes para definir un marco de convivencia que impida o desprazamento ou degradación do servizo de taxi, que ostenta legalmente a consideración de servizo público de interese público. así como poñer á disposición da cidadanía servizos de transporte en vehículos de turismo que sexan de calidade, suficientes, accesibles e universais, seguros e respectuosos co medio ambiente. Para acadar estes fins, resulta necesaria unha nova regulación que ordene a convivencia entre o servizo de taxi e o de arrendamento de vehículos con persoa condutora (VTC), de acordo coas limitacións previstas na normativa autonómica en materia de transportes, co obxecto de evitar o desprazamento ou a degradación do taxi, que ostenta legalmente a consideración de servizo de interese público.

AS POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS

Non hai solución alternativa regulatoria xa que a normativa de transportes autonómica esixe que a regulación do outorgamento das autorizacións urbanas se efectúe a través de ordenanza cando indica que, *no suposto de prever o seu outorgamento nas correspondentes ordenanzas municipais, os concellos serán competentes para o outorgamento de autorizacións habilitantes para a prestación de servizos urbanos de arrendamento de vehículos con condutor*. Unha posible solución alternativa, de carácter non regulatorio, é a xa explorada no marco da cooperación coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), co obxecto de instar á Administración autonómica a adaptar a normativa vixente para incorporar un marco regulador común das autorizacións urbanas e impulsar a homoxeneización da prestación do servizo en todas as cidades galegas. Aínda que o Concello da Coruña insista nesta solución, non se pode desbotar a alternativa da regulación mediante ordenanza de cara a cumprir o



Concello da Coruña

obxectivo principal que é regular a convivencia no transporte público de persoas en vehículos de turismo na cidade.